

## Regulamento de planificación académica da Universidade de Santiago de Compostela

Nesta norma tómase como punto de partida o texto consolidado publicado no Taboleiro electrónico da USC. Polo tanto, non é posible visualizar as diferentes versións anteriores da norma.

Aprobado polo Consello de Goberno o día 20 de decembro de 2019 e modificado nas reunións de consello de goberno do 19 de xuño de 2020, 24 de xullo de 2020, 23 de febreiro de 2023, 23 de novembro de 2023, 25 de novembro de 2024, 30 de abril de 2025 e 28 de novembro de 2025.

### Exposición de motivos

A planificación académica das titulacións oficiais da Universidade de Santiago de Compostela desenvólvese arredor dun conxunto de procesos sucesivos coñecidos como Planificación Académica. Tradicionalmente, a normativa reguladora desta planificación víñase aprobando anualmente, para cada curso académico, polo Consello de Goberno. Sen embargo, a culminación do proceso de adaptación das titulacións de grao e mestrado ao Espazo Europeo de Educación Superior e a relativa estabilidade no número de estudantes de novo ingreso propiciaron unha notable estabilización da oferta docente da universidade.

En consecuencia, a vicerreitoría con competencias en Organización Académica elaborou un Regulamento de Planificación Académica que permite dotar os procesos abranguidos dun marco de estabilidade necesario, tanto para a organización das actividades docentes por parte de centros e departamentos como para a planificación das actuacións en materia de recursos humanos.

## CAPÍTULO I. Consideracións xerais

### Artigo 1. Ámbito de aplicación

1. Esta normativa ten por obxecto regular os procedementos que configuran a planificación académica correspondente aos títulos oficiais de grao e mestrado impartidos na Universidade de Santiago de Compostela.
2. O Consello de Goberno aprobará, para cada curso académico, o calendario para o desenvolvemento dos procedementos que a configuran.

### Artigo 2. Alcance da planificación académica anual

A planificación académica anual (en diante PAA) abrangue as seguintes actuacións:



- 1) Adscrición funcional das materias de grao e mestrado a áreas de coñecemento.
- 2) Asignación efectiva ás áreas de coñecemento do encargo docente das materias de grao e mestrado.
- 3) Elaboración do Plan Docente Anual (en diante PDA) das titulacións oficiais de grao e mestrado.
- 4) Elaboración dos horarios das actividades docentes e dos calendarios de exames.
- 5) Elaboración do Plan de Organización Docente (en diante POD) de cada departamento.
- 6) Elaboración da programación docente das materias ofertadas.

### **Artigo 3. Normativa de aplicación**

Na elaboración da PAA resultan de aplicación as seguintes normas:

- 1) Real Decreto 898/1985, de 30 de abril, sobre o réxime do profesorado universitario (BOE do 19 de xuño).
- 2) II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo (DOG do 14 de abril de 2011).
- 3) Real Decreto 1558/1986, de 28 de xuño, polo que se establecen as bases xerais do réxime de concertos entre as universidades e as institucións sanitarias.
- 4) Real Decreto 103/2019, de 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do Persoal Investigador en Formación.
- 5) Regulamento de adscrición funcional para os efectos de docencia das materias das titulacións de grao e máster a departamentos e áreas de coñecemento (Acordo do Consello de Goberno do 19/11/2009 e do 21/12/2009 respectivamente).
- 6) Regulamento de asignación efectiva do encargo docente das materias das titulacións de grao e máster a departamentos e áreas de coñecemento (Acordo do Consello de Goberno do 17/02/2010).
- 7) Normativa de mobilidade entre os campus da Universidade de Santiago de Compostela para PDI con vinculación permanente á Universidade de Santiago de Compostela (Acordo do Consello de Goberno do 19 de xuño de 2020).
- 8) Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 28 de maio de 2019 e as correspondentes modificacións.



9) Normativa sobre o criterio de antigüidade do Persoal Docente e Investigador para efectos internos na USC (acordo do Consello de Goberno do 29 de xuño de 2022).

10) Acordo do claustro do 22/12/16, en relación coa capacidade docente do persoal investigador contratado por obra ou servizo determinado para o desenvolvemento de proxectos de investigación.

11) Resolución da Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo, para regular a colaboración na docencia do persoal investigador contratado a través de programas de recursos humanos, do 16 de setembro de 2022.

12) Regulamento das modalidades híbrida e virtual nas titulacións de grao e mestrado universitario na Universidade de Santiago de Compostela (acordo do Consello de Goberno do 23 de febreiro de 2023).

13) Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU).

14) Resolución da Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo, para regular a colaboración na docencia do persoal investigador non vinculado a programas de recursos humanos da Lei da Ciencia e do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) da USC (29/10/2024)

## CAPÍTULO II. Capacidade lectiva e titorial das áreas de coñecemento

### **Artigo 4. Da capacidade lectiva e titorial das áreas de coñecemento**

A capacidade lectiva, clínica e non clínica, e a capacidade titorial de cada área de coñecemento é a suma das capacidades lectivas clínica e non clínica e da capacidade titorial, respectivamente, do profesorado adscrito a ela, tomando en consideración as súas obrigas docentes.

### **Artigo 5. Da capacidade lectiva neta das áreas de coñecemento**

A capacidade lectiva neta de cada área de coñecemento é o resultado de descontar da súa capacidade lectiva as horas de redución que correspondan polo exercicio de cargos e responsabilidades académicas e de representación sindical do profesorado adscrito a ela.

### **Artigo 6. Obrigas docentes**

As obrigas docentes do persoal docente e investigador son as previstas no RD 898/1985, de 30 de abril, sobre réxime do profesorado universitario, e no II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

### **Artigo 7. Capacidade lectiva non clínica das diferentes figuras de profesorado**



A capacidade lectiva non clínica das diferentes figuras de profesorado é a seguinte:

a) Profesorado a tempo completo

i) Catedráticos/as de universidade, catedráticos/as de escola universitaria, profesorado titular de universidade, profesorado permanente laboral, profesorado contratado doutor, profesorado axudante doutor anterior á LOSU, profesorado colaborador con título de doutor, profesorado laboral fixo asimilado a colaborador con título de doutor, profesorado titular de escola universitaria con título de doutor: 8 horas lectivas/semana ou 240 horas lectivas/curso.

No caso do profesorado axudante doutor anterior á LOSU, cando a área dispoña de capacidade docente suficiente no campus no que se trate, deberá reducirse o seu encargo a 6 horas lectivas/ semana ou 180 horas lectivas/curso.

ii) Profesorado axudante doutor con contrato posterior á entrada en vigor da LOSU: 6 horas lectivas/semana ou 180 horas lectivas/curso.

iii) Profesorado colaborador sen título de doutor, profesorado laboral fixo asimilado a colaborador sen título de doutor, profesorado titular de escola universitaria sen título de doutor e profesorado contratado interino (agás o profesorado interino de vacante con título de doutor pendente de procesos de estabilización): 8 horas lectivas/semana ou 240 horas lectivas/curso. Naqueles casos en que non sexa posible asumir o encargo docente cos recursos dispoñibles na área, a súa dedicación poderá ser de ata 12 horas lectivas/semana ou 360 horas lectivas/curso.

iv) Lectores/as: 12 horas lectivas/semana ou 360 horas lectivas/curso, agás no caso de que establezan outra dedicación os correspondentes convenios.

v) Profesorado con vinculación asistencial: 6 horas lectivas/semana ou 180 horas lectivas /curso.

vi) Profesorado con vinculación asistencial mediante convenio ao Hospital Veterinario Universitario Rof Codina: as horas lectivas especificadas no convenio.

b) Profesorado a tempo parcial

i) Profesorado P6: 6 horas lectivas/semana ou 180 horas lectivas/curso.

ii) Profesorado P4: 4 horas lectivas/semana ou 120 horas lectivas/curso.

iii) Profesorado P3: 3 horas lectivas/semana ou 90 horas lectivas/curso.

iv) Profesorado con vinculación asistencial P6: 4'5 horas lectivas/semana ou 135 horas lectivas /curso.



v) Profesorado a tempo parcial con vinculación asistencial mediante convenio ao Hospital Veterinario Universitario Rof Codina: as horas lectivas especificadas no convenio.

vi) Persoal docente e investigador pertencente a programas competitivos de recursos humanos (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Marie Curie e similares) as horas lectivas indicadas nas convocatorias.

vii) Profesorado emérito: ata 30 horas lectivas/curso (só en titulacións oficiais de mestrado).

### **Artigo 8. Capacidade lectiva clínica das diferentes figuras de profesorado**

1. A capacidade lectiva clínica das diferentes figuras de profesorado é a seguinte:

i) Profesorado a tempo completo con vinculación asistencial: 2 horas lectivas/semana ou 60 horas lectivas/curso.

ii) Profesorado P6 con vinculación asistencial: 1'5 horas lectivas/semana ou 45 horas lectivas/curso.

iii) Profesorado a tempo completo con vinculación asistencial mediante convenio ao Hospital Veterinario Universitario Rof Codina: as especificadas no convenio.

iv) Profesorado Asociado de Ciencias da Saúde: 15 horas lectivas/semana ou 450 horas lectivas/curso.

v) Profesorado Asociado de Ciencias da Saúde do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina: 15 horas lectivas/semana ou 450 horas lectivas/curso.

2. Cando non se asigne ao profesorado con vinculación asistencial a totalidade do encargo docente clínico correspondente á súa capacidade, as horas clínicas dispoñibles sumaranse á súa capacidade non clínica.

3. O Profesorado Asociado de Ciencias da Saúde poderá asumir docencia non clínica, previa solicitude de autorización á vicerreitoría con competencias en organización académica por parte do departamento.

### **Artigo 9. Capacidade titorial das diferentes figuras de profesorado**

A capacidade titorial das diferentes figuras de profesorado é a seguinte:

1. Profesorado a tempo completo

i) Catedráticos/as de universidade, catedráticos/as de escola universitaria, profesorado titular de universidade, profesorado permanente laboral, profesorado contratado doutor, profesorado axudante doutor, profesorado colaborador, profesorado titular de escola universitaria, profesorado contratado interino e lectores/as: 180 horas/curso.



- ii) Profesorado con vinculación asistencial: 90 horas/curso.
- iii) Profesorado con vinculación asistencial mediante convenio ao Hospital Veterinario Universitario Rof Codina: as horas lectivas especificadas no convenio.

## 2. Profesorado a tempo parcial

- i) Profesorado P6: 180 horas/curso.
- ii) Profesorado P4: 120 horas/curso.
- iii) Profesorado P3: 90 horas/curso.
- iv) Profesorado con vinculación asistencial P6: 90 horas/curso.
- v) Profesorado a tempo parcial con vinculación asistencial mediante convenio ao Hospital Veterinario Universitario Rof Codina: as horas de titoría especificadas no convenio.
- vi) Persoal docente e investigador pertencente a programas competitivos de recursos humanos (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Marie Curie e similares): o mesmo número de horas que o previsto para actividades docentes nas convocatorias.
- vii) Profesorado Asociado de Ciencias da Saúde: 90 horas/curso.
- viii) Profesorado Asociado de Ciencias da Saúde do Hospital Veterinario Rof Codina: as horas especificadas no convenio.

3. A actividade titorial do profesorado pode distribuírse en titorías programadas polo profesorado (en despacho e virtuais) e titorías en aula programadas polos centros responsables dos títulos. O número de horas de titorías en aula non superará en ningún caso o 50% da capacidade titorial do profesor/a.

## Artigo 10. Reducións da capacidade lectiva das áreas de coñecemento

1. A capacidade lectiva das áreas de coñecemento pode verse reducida polo desempeño, por parte dos seus membros, de cargos e responsabilidades académicas, así como de actividades de representación sindical, de acordo co disposto no Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 28 de maio de 2019.

2. As actividades polo desempeño de cargos e responsabilidades académicas poderán reducir a capacidade lectiva das áreas afectadas ata un máximo de 840 horas no conxunto dos dous campus. Para o establecemento do límite citado non se terán en conta os cargos que comportan unha exención total de docencia.



No caso de que non se poda aplicar a redución total nunha área, as horas de redución distribuiranse entre os dous campus de forma proporcional á redución total en cada un deles.

3. Cando un profesor/a desempeñe no mesmo curso máis dun cargo ou responsabilidade académica, só se reducirán as horas lectivas correspondentes á actividade que teña asignada unha maior redución.

4. As reducións polo exercicio por parte dun profesor/a dun cargo ou responsabilidade académica e pola realización de actividades de representación sindical poderán acumularse sen que poidan exceder de 180 horas/curso.

### CAPÍTULO III. Encargo lectivo das áreas de coñecemento

#### **Artigo 11. Encargo lectivo dunha área de coñecemento**

O encargo lectivo dunha área de coñecemento é a suma das horas de docencia expositiva e interactiva das materias de grao e mestrado que ten asignadas nun curso académico.

#### **Artigo 12. Determinación do encargo lectivo dunha área de coñecemento**

O encargo lectivo das áreas de coñecemento determinarase de acordo cos seguintes criterios:

- a. Para a determinación do número de grupos aplicaranse os seguintes módulos en función do tipo de docencia de que se trate:
  - i. Docencia expositiva (encerado): 80 estudantes en grao; 45 en mestrado.
  - ii. Docencia interactiva (seminario): 30 estudantes en grao e mestrado.
  - iii. Docencia interactiva (laboratorio, ordenador, etc.): 20 estudantes en grao e mestrado.
  - iv. Titorización en aula: 10 estudantes en grao e mestrado.
  - v. Docencia clínica con pacientes humanos: 5 estudantes en grao e mestrado.
  - vi. Docencia clínica asistencial: 7 estudantes en grao e mestrado.
  - vii. Docencia clínica non asistencial: 10 estudantes en grao e mestrado
  - viii. Prácticum e prácticas externas: 1 estudante en grao e mestrado.
  - ix. TFG e TFM: 1 estudante en grao e mestrado.



b. O número de grupos de docencia expositiva e interactiva calcularase dividindo o número de estudantes polos módulos indicados no apartado anterior. Co resto resultante procederáse do seguinte xeito: cando sexa igual ou inferior ao 25% do módulo, incorporárase aos grupos xa creados; cando sexa superior, poderá crearse un novo grupo. A aplicación destes módulos terá carácter xeral, pero deberá axustarse tendo en conta a dispoñibilidade de recursos humanos e materiais dos centros e departamentos.

c. A estimación dos estudantes matriculados en cada materia realizarase considerando a media do estudantado matriculado nos tres cursos anteriores. Nas titulacións en proceso de implantación o estudantado estimado será igual á oferta de prazas que estableza o título na memoria verificada. Para estas estimacións contabilizarase o 60% dos estudantes repetidores.

d. Para a estimación do encargo lectivo correspondente aos traballos de fin de grao e mestrado teranse en conta os estudantes asignados a cada área de coñecemento. Para iso os órganos responsables das titulacións comunicarán á vicerreitoría con competencias en organización académica o número de estudantes asignados a cada área participante nesta actividade.

O encargo lectivo correspondente á dirección de traballos establecerase de acordo co número de créditos que teñan asignados, de acordo cos seguintes valores:

i. Traballos de Fin de Grao

- a) Traballos de 6 ECTS: 4 horas lectivas e 10,5 de titoría.
- b) Traballos de entre 7 e 12 ECTS: 5 horas lectivas e 12,5 de titoría.
- c) Traballos de entre 13 e 18 ECTS: 6 horas lectivas e 16,5 de titoría.
- d) Traballos de entre 19 e 24 ECTS: 7 horas lectivas e 18,5 de titoría.
- e) Traballos de máis de 24 ECTS: 8 horas lectivas e 20,5 de titoría.

ii. Traballos de Fin de Mestrado

- a) Traballos de 6 ECTS: 4,5 horas lectivas e 11,5 de titoría.
- b) Traballos de entre 7 e 12 ECTS: 5,5 horas lectivas e 14 de titoría.
- c) Traballos de entre 13 e 18 ECTS: 6,5 horas lectivas e 18,5 de titoría.
- d) Traballos de entre 19 e 24 ECTS: 7,5 horas lectivas e 20,5 de titoría.
- e) Traballos de máis de 24 ECTS: 8,5 horas lectivas e 22,5 de titoría.



e. O encargo lectivo e titorial das prácticas externas, tanto en grao coma en mestrado, establecerase en función do seu número de ECTS, de acordo cos seguintes valores:

a) Prácticas de 6 ECTS: 0,6 horas lectivas e 2 de titoría.

b) Prácticas de entre 7 e 11 ECTS: 0,8 horas lectivas e 2,5 de titoría.

c) Prácticas de 12 ou máis ECTS: 1,5 horas lectivas e 3,5 de titoría.

f. O encargo lectivo e titorial do prácticum, tanto en grao coma en mestrado, establecerase en función do seu número de ECTS, de acordo cos seguintes valores:

a) Prácticum de 6 ECTS: 0,8 horas lectivas e 2 de titoría.

b) Prácticum de entre 7 e 11 ECTS: 1 hora lectiva e 2,5 de titoría.

c) Prácticum de 12 ou máis ECTS: 2 horas lectivas e 3,5 de titoría.

### **Artigo 13. Equivalencia en horas dos créditos ECTS**

1. O encargo lectivo de referencia correspondente a cada materia impartida na modalidade presencial determinarase a partir das seguintes equivalencias en horas dos créditos ECTS, salvo que se especifiquen outros valores nas memorias das titulacións ou nos informes de seguimento:

a) Materias de grao: 4 horas/ECTS de docencia expositiva, 4 horas/ECTS de docencia interactiva e 0,5 horas/ECTS de titoría.

b) Materias de mestrado: 3 horas/ECTS de docencia expositiva, 4 horas/ECTS de docencia interactiva e 1 hora/ECTS de titoría.

2. Para determinar o encargo lectivo correspondente a cada materia de grao e mestrado impartida nas modalidades non presenciais, estarase ao que dispoña a normativa de titulacións híbridas e virtuais.

## CAPÍTULO IV. Elaboración do Plan Docente Anual

### **Artigo 14. Órganos competentes para a elaboración do PDA**

Na elaboración do PDA intervirán os seguintes órganos:

a) A vicerreitoría con competencias en organización académica elaborará a formulación inicial de PDA para cada unha das titulacións oficiais.

b) Os centros, logo da consulta aos departamentos, poderán elevar propostas de modificación do PDA.



c) A vicerreitoría con competencias en organización académica aprobará definitivamente o PDA.

### **Artigo 15. Da formulación inicial de PDA**

1. A vicerreitoría con competencias en organización académica formulará inicialmente o PDA para cada unha das titulacións oficiais, tomando en consideración os seguintes datos:

a) A estimación de matrícula de estudantes novos e repetidores de cada materia.

b) O número de grupos de docencia que se poderán crear segundo o módulo que se aplica para cada tipo de docencia.

c) As horas que se impartirán en cada materia, de cada tipo de docencia, de acordo coa materia tipo de grao e mestrado ou o previsto na memoria de cada titulación ou nos informes de seguimento.

d) A distribución entre semestres das materias ofertadas nas titulacións de grao e de mestrado en cada curso, que deberá ser equilibrada, e permitir matricular 30 ECTS por semestre.

e) A capacidade lectiva efectiva das áreas de coñecemento en cada campus.

2. O PDA formulado inicialmente será comunicado e accesible para os restantes órganos responsables a través da aplicación de Xescampus.

### **Artigo 16. Das propostas de modificación da proposta inicial**

1. Os centros responsables, logo da consulta aos departamentos, poderán formular propostas de modificación do PDA atendendo, entre outras, ás seguintes circunstancias:

a. Os recursos humanos con que contan ou poidan contar.

b. Os medios materiais existentes nos centros.

c. As afinidades das áreas adscritas ás materias.

2. As propostas de modificación elevadas polos centros poderán ir referidas a:

a. Reparto de horas lectivas e de titoría para cada materia, sen que se poida superar o número de horas de referencia para cada tipo de docencia, agás no caso das titulacións cuxas memorias de verificación ou os informes de seguimento establecen un número de horas presenciais distinto ás de referencia.

b. Incremento ou redución do número de grupos ordinarios en PDA, a pedimento do centro, cando sexan precisos para a igualación do número de grupos expositivos en cada curso, así como para o axuste entre a docencia expositiva e interactiva ou outras razóns organizativas.



Estes grupos, no caso de ser aprobados, formarán parte do PDA, e serán tidos en conta para o cálculo do encargo lectivo das áreas.

c. Creación de grupos de centro, a maiores dos que resulten da aplicación dos módulos, por razóns de calidade ou de mellora de resultados, contando coa aceptación das áreas /departamentos. O encargo lectivo e de titoría que se derive destes grupos será recoñecido no POD do profesorado que imparta a docencia e deberá terse en conta nos horarios e na programación que afecte aos estudantes. Non se tomará en consideración para o cálculo do encargo lectivo das áreas.

d. Adopción dalgunha das seguintes medidas, cando o encargo lectivo das áreas de coñecemento que teñen asignada a docencia das titulacións ofertadas teña un valor superior ou próximo ao da capacidade lectiva neta desas mesmas áreas:

i. Asignar a docencia de materias a outras áreas afíns con maior dispoñibilidade docente, consonte aos acordos de adscrición.

ii. Reducir o número de grupos, de xeito que o encargo docente en todos os grupos propostos quede provisionalmente cuberto.

iii. Impartir conxuntamente materias que sexan ofertadas en distintas titulacións, ou edicións diferentes dun mesmo plan, e sexan substancialmente coincidentes en número de créditos, competencias, metodoloxía e sistema de avaliación. Neste caso, para a conformación dos grupos terase en conta o número de estudantes do conxunto de titulacións.

iv. Limitar a oferta de materias optativas, respectando o mínimo previsto no Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC.

v. Retirar da oferta materias optativas, cando o número de estudantes matriculados en cursos anteriores sexa inferior a 5 no caso das titulacións de mestrado e 10 estudantes nas de grao.

### **Artigo 17. Da aprobación definitiva do PDA**

Á vista das propostas de modificación presentadas polos centros, a vicerreitoría con competencias en organización académica procederá a aprobación definitiva do PDA, que será posto a disposición dos centros a través de Xescampus.

### **Artigo 18. Modificacións do PDA unha vez aprobado**

Unha vez aprobado definitivamente o PDA, a vicerreitoría con competencias en organización académica poderá aprobar modificacións só cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que medien causas debidamente xustificadas.



- b) Que non rematase o curso académico ao que afecten, agás que se trate de TFG/TFM que non teñan asignado profesorado no POD da área.
- c) Que se formule a correspondente solicitude polos centros, logo da consulta aos departamentos.

## CAPÍTULO V. Programación dos horarios e do calendario de exames

### Artigo 19. Elaboración e aprobación dos horarios de actividades lectivas

1. Antes da elaboración do Plan de Organización Docente por parte dos departamentos, os decanatos ou direccións do centro ao que o título está adscrito deberán elaborar unha proposta de horarios de clase, que deberá ser sometida á aprobación da xunta de facultade ou escola e, unha vez aprobada, gravada na aplicación Xescampus e publicada para xeral coñecemento antes do comezo do período de matrícula.
2. Só terán a consideración de horarios oficiais os aprobados de acordo co disposto no apartado anterior e introducidos na aplicación Xescampus.
3. Os horarios de clases presenciais deberán axeitarse aos obxectivos e á distribución de actividades lectivas establecidos no plan de estudos para cada materia, e deberán contemplar a seguinte tipoloxía de actividades lectivas:
  - a) Docencia expositiva
  - b) Docencia interactiva
  - c) Titorización presencial en grupos reducidos, para os que non será necesaria a introdución en Xescampus.
4. Cando unha materia se organice en máis dun grupo deberá procurarse que os seus horarios non sexan coincidentes para deste xeito facilitarlles aos estudantes a asistencia á clase.
5. Cando nos horarios exista incompatibilidade entre materias impartidas por un mesmo docente, daráselles preferencia ás materias obrigatorias e de formación básica sobre as materias optativas. Ao mesmo tempo, os órganos responsables da elaboración dos horarios deberán ter en conta as situacións do profesorado que deba impartir docencia en máis dun centro.

### Artigo 20. Modificación dos horarios oficiais

Unha vez aprobados oficialmente, os horarios de clase só poderán modificarse logo da autorización da vicerreitoría con competencias en organización académica e sempre que a dita modificación non cause prexuízos ao estudantado xa matriculado ou ao profesorado que teña encargada a materia.



## Artigo 21. Elaboración dos calendarios de exames

Os decanatos ou direccións do centro aos que os títulos están adscritos deberán elaborar unha proposta de calendario de exames, que deberá ser sometida á aprobación da xunta de facultade ou escola e, unha vez aprobada, gravada na aplicación Xescampus e publicada para xeral coñecemento antes do comezo do período de matrícula.

## CAPÍTULO VI. Recoñecemento das actividades académicas do PDI mediante horas docentes equivalentes

### Artigo 22. Recoñecemento de actividades

1. A programación académica recoñecerá como horas docentes equivalentes (en diante HDE) as actividades de docencia (AD), investigación (AI), e xestión (AX) desenvolvidas polo persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo nos termos deste regulamento, e polos profesores substitutos a tempo parcial, que poderán aplicar a metade da súa dedicación docente de acordo coa relación de actividades recollida no Anexo I. Ademais, os departamentos disporán de ata 20 HDE que asignarán a aqueles membros do seu PDI que desenvolvan actividades de interese universitario.

Para optar ao recoñecemento de actividades como HDE, este profesorado deberá ter recoñecidos os correspondentes méritos/requisitos no período establecido na instrución para o cómputo de HDE no que os departamentos procederán á revisión das fichas do seu profesorado e, de ser o caso, á introdución de datos.

2. As HDE reducirán a capacidade lectiva do profesorado, sempre que se garanta a impartición da docencia asignada á área de coñecemento respectiva na Planificación Docente Anual. Nos casos en que non se poidan aplicar estas reducións na súa integridade, aplicarase unha minoración proporcional a todo o PDI da área que acredite HDE.

3. O número máximo de HDE susceptibles de recoñecemento ao profesorado será de 120, a excepción do profesorado axudante doutor LOSU, que poderá reducir ata un máximo de 90 HDE. A suma das HDE recoñecidas e das horas de redución por cargo académico, responsable académico, ou representación sindical non poderá superar as 180, salvo nos casos de cargos con redución superior.

## CAPÍTULO VII. Plan de Organización Docente

### Artigo 23. Órganos responsables da elaboración do Plan de Organización Docente

Correspóndelles aos departamentos a responsabilidade de elaborar e aprobar a proposta de Plan de Organización Docente (POD), que deberá ser remitida para a súa aprobación á vicerreitoría con competencias en organización académica.



## Artigo 24. Responsabilidades docentes dos departamentos

1. Os departamentos deberán cubrir toda a docencia que teñen asignada no PDA, de tal xeito que, con independencia dos recursos de que dispoñan ou de que os procesos de contratación de profesorado adicional teñan finalizado ou non, non poida privarse ao estudantado de recibir a docencia que lle corresponde.
2. Co fin de garantir a suficiencia de capacidade docente, á hora de cubrir o POD os departamentos deberán respectar as seguintes prioridades:
  - a) Das materias de primeiro semestre sobre as do segundo
  - b) Das materias de titulacións oficiais de grao sobre as de mestrado
  - c) Das materias de titulacións oficiais sobre as de títulos propios
  - d) Das materias de formación básica e obrigatorias sobre as optativas
  - e) Dos grupos ordinarios sobre os grupos de centro
3. A vicerreitoría con competencias en materia de profesorado velará, dentro das disponibilidades orzamentarias, para que os departamentos conten cos recursos necesarios para cubrir toda a docencia que teñan asignada na PDA.
4. Unha vez aprobado o POD dos departamentos, a/s vicerreitoría/s con competencias en profesorado/organización académica fará/n públicos os datos da capacidade e do encargo de cada unha das áreas de coñecemento.

## Artigo 25. Criterios para a asignación de docencia ao profesorado

1. Os departamentos distribuirán as horas lectivas das materias que teñen asignadas de xeito equilibrado entre os seus membros, respectando sempre o seu réxime de dedicación, e o recoñecemento de HDE nos termos previstos neste regulamento. En todo caso, todo profesor/a deberá ter un encargo docente mínimo de 120 horas lectivas, agás nos casos previstos no artigo 22.3.
2. A asignación de horas lectivas realizarase consonte os criterios que, se é o caso, teña aprobados o departamento ou, no seu defecto, de acordo coa Normativa sobre prelación de categorías de profesorado e determinación da antigüidade para efectos internos na USC (acordo do Consello de Goberno do 29 de xuño de 2022), así como noutros procedementos recoñecidos en convenios.
3. Con carácter xeral, a asignación de horas lectivas a un profesor/a deberá corresponder a materias asignadas á área de coñecemento á que pertenza.



Correspóndelle á vicerreitoría con competencias en organización académica autorizar, de acordo coa normativa de aplicación, a asignación a un profesor/a de materias asignadas a áreas distintas á da súa adscrición.

4. Sempre que sexa posible, os departamentos procurarán que o número de materias distintas que debe impartir cada profesor/a sexa equilibrado entre todos os membros do departamento.

5. Os departamentos establecerán criterios específicos para que a asignación ao seu profesorado de materias de grao e mestrado resulte equilibrada.

6. Os departamentos deberán procurar que o encargo docente dos seus profesores/as se distribúa de xeito equilibrado ao longo dos dous semestres.

7. Nas materias de grao tenderase a que sexa un único profesor/a quen as imparta de xeito integral. Cando isto non resulte factible, procurarase que o número de profesores/as que interveña na docencia sexa o menor posible. A tal fin recoméndase que para as materias de 4,5 ECTS o número máximo de profesores por grupo expositivo sexa un, e no caso de materias con máis destes créditos o seu número non sexa superior a dous. De non ser posible axustarse á recomendación da vicerreitoría, deberá achegarse a oportuna xustificación.

8. Nas materias de mestrado tenderase a que haxa un único profesor/a cando a materia teña asignados 3 ECTS ou menos, e a que non haxa máis de dous profesores por grupo expositivo, cando a materia teña máis de 3 ECTS. Se isto non fose posible, deberá achegarse a oportuna xustificación.

9. Cando unha materia sexa impartida por máis dun docente do mesmo departamento, este designará un coordinador/a. No seu defecto, a coordinación da materia corresponderalle á dirección do departamento. Cando unha materia sexa impartida por máis dun docente de distintos departamentos, o/a coordinador/a será designado por acordo entre eles e, de non acadalo, pola vicerreitoría con competencias en organización académica.

10. O profesorado non poderá ter asignadas titorías en materias nas que non imparte docencia ou en TFG e TFM que non titoriza ou cotitoriza.

11. Os departamentos deberán favorecer medidas de conciliación entre a vida laboral e familiar, de acordo coas accións recollidas na normativa de conciliación da USC.

## **Artigo 26. Asignación de actividades docentes ao persoal investigador contratado a través de programas de recursos humanos**

Os departamentos poderán asignar actividades docentes e incluír no seu POD o persoal investigador contratado a través de programas de recursos humanos que teñan prevista esta posibilidade na súa convocatoria, e sempre de acordo coa normativa da USC, Resolución da Vicerreitoría de Organización Académica e do Campus de Lugo, para regular a



colaboración na docencia do persoal investigador contratado a través de programas de recursos humanos, do 16 de setembro de 2022.

Para a asignación de actividade docente ao persoal investigador predoutoral, ademais deberá terse en conta que:

1. A actividade docente asignada a este persoal deberá ser de docencia interactiva e, en todo caso, tutelada por un profesor/a ou ben por un investigador/a doutor/a contratado a través dun programa de recursos humanos, sempre que a convocatoria da axuda permita colaboración docente, e non estableza condicións que impidan a dita tutela.
2. Será imprescindible o acompañamento deste persoal por parte do seu titor/a cando a docencia que ten encargada se desenvolva en laboratorios nos que poidan producirse situacións de risco físico, químico e/ou biolóxico, ou no caso de manipular maquinaria móbil.
3. O persoal investigador predoutoral non poderá ter asignadas prácticas externas nin prácticum.
4. A colaboración deste tipo de persoal non suporá, en ningún caso, a asunción das responsabilidades que lle corresponden ao profesorado, nin as súas obrigas docentes poderán ser distintas nin superiores ás que estableza a convocatoria da axuda ou o contrato.

Vinculación do persoal investigador predoutoral e posdoutoral a área/s de coñecemento:

Como norma xeral, o persoal investigador con contrato predoutoral ou posdoutoral figurará no POD do departamento, vinculado á área na que se lle asigne a colaboración docente. Non obstante, poderá colaborar en actividades docentes relacionadas coa súa investigación noutra área de coñecemento do mesmo departamento ou de departamento distinto, sempre que exista o acordo do departamento ou departamentos implicados, e que non o impida a convocatoria da axuda.

### **Artigo 27. Asignación temporal de docencia en campus distinto ao de adscrición**

1. No marco da Programación Docente Anual (PDA) e do Plan de Organización Docente (POD), os departamentos poderán asignar docencia ao seu profesorado en centros ubicados nun campus diferente ao de adscrición da praza que ocupan. Esta asignación deberá fundarse nalgún dos seguintes motivos:

- a) existencia de necesidades docentes conxunturais nun campus que non poden ser atendidas polo profesorado adscrito ao mesmo.
- b) existencia nun campus de encargo docente que, polo seu carácter especializado, particularmente no ámbito do mestrado, deba ser atendido por profesorado do outro campus.
- c) atención a situacións de especial necesidade relacionadas coa violencia de xénero, dependencia e conciliación da vida persoal e laboral



En todo caso, a asignación de docencia nun campus distinto do de adscrición non poderá xerar no campus de orixe necesidades docentes que non poidan ser atendidas polo profesorado existente nel.

2. Cando un/ha profesor/a teña asignada docencia nos dous campus, as titorías deberán distribuírse en ambos os campus de xeito proporcional con respecto ás horas de clase impartidas. Os centros deberán dispor os espazos necesarios para que o profesorado desprazado poida desenvolver adecuadamente as súas funcións.

3. Co fin de reducir os desprazamentos, os centros, en coordinación cos departamentos, facilitarán a agrupación de horarios de clase e titorías, respectando sempre a normativa académica. Ademais, cando o/a profesor/a teña asignada simultaneamente docencia nos dous campus, os centros coordinaranse para que os horarios resulten compatibles.

4. Con carácter xeral, a asignación de docencia en campus distinto ao de adscrición deberá facerse coa conformidade da persoa afectada. Só en casos xustificadas por necesidades do servizo, e co informe previo dos órganos de representación do persoal, se poderá asignar con carácter obrigatorio a maioría ou toda a docencia dun/ha profesor/a nun campus distinto ao de adscrición. En todo caso, a asignación obrigatoria realizarase de acordo co previsto na lexislación vixente e, no caso do persoal laboral, no convenio colectivo.

5. O profesorado que deba impartir obrigatoriamente docencia nun campus diferente ao da súa adscrición terá dereito á correspondente indemnización por razón de servizo, con cargo ao órgano que corresponda, nos termos que en cada caso se establezan. Cando esta asignación teña carácter voluntario, non existirá dereito a indemnización ningunha.

6. A asignación temporal de docencia en campus distinto poderá realizarse por proposta dos departamentos ou a instancia da vicerreitoría con competencias en organización académica, e deberá ser autorizada expresamente por esta.

## **Artigo 28. Modificación do Plan de Organización Docente**

1. Unha vez aprobado, o Plan de Organización Docente poderá ser modificado cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Nomeamento ou contratación de novo profesorado ou cambios da súa dedicación.

b) Situacións de incapacidade, permisos maternais/paternais, xubilacións, excedencias, e cesamento ou nomeamento de cargos académicos.

c) Calquera outra situación que supoña unha variación positiva ou negativa da capacidade docente do departamento.

2. Calquera modificación do Plan de Organización Docente deberá contar coa autorización expresa da vicerreitoría con competencias en organización académica. Con carácter xeral, non serán autorizadas modificacións do POD que teñan carácter retroactivo.



3. A vicerreitoría con competencias en organización académica velará por que as modificacións do POD afecten ao menor número posible de materias.
4. No caso de prazas en concurso pendentes de resolución, a docencia que os departamentos deixen sen cubrir deberá reservarse á persoa que resulte contratada. Cando se trate de prazas de profesorado asociado, o encargo docente da persoa que resulte contratada deberá ser concordante co perfil co que se convocou o concurso. En todo caso, en tanto os concursos non son resoltos, o departamento deberá garantir a impartición das materias afectadas.
5. Cando, iniciado o curso académico, se produza a incorporación dun profesor/a, as súas obrigas docentes deberán ser proporcionais ao período de tempo que reste para finalizar o curso, agás que en casos excepcionais o encargo docente realizado polo departamento se separe dese criterio. Neste caso, o departamento deberá xustificalo ante a vicerreitoría con competencias en organización académica, que resolverá oído o/a profesor/a implicado/a.

## CAPÍTULO VIII. Programación docente das materias

### Artigo 29. Elaboración da programación docente

1. Os departamentos deberán elaborar e aprobar unha programación docente, de acordo co modelo aprobado pola universidade, para cada unha das materias que teñan asignadas. Esta programación deberá garantir a coordinación e equivalencia formativa de todos os grupos dunha mesma materia e titulación.
2. En caso de materias impartidas por máis dun departamento, o programa formativo, as actividades docentes e os criterios de avaliación deberán ser consensuados polos departamentos responsables da docencia. No caso de falta de acordo, será a vicerreitoría con competencias en organización académica a que os estableza.
3. Os órganos responsables das titulacións de grao e mestrado deberán supervisar a programación aprobada polos departamentos para cada materia, verificando que se adapta á memoria do título e que cumpre todos os requirimentos en canto á súa estrutura. Deberán tamén exercer a necesaria coordinación de programas e sistemas de avaliación dentro dun mesmo curso e titulación.
4. Os departamentos deberán garantir que os estudantes dispoñan da programación docente de cada materia con antelación suficiente e, en todo caso, antes do inicio do período de matrícula.
5. A información relativa á programación docente deberá estar accesible a través da páxina web do centro.
6. Logo da súa aprobación e publicación, a programación docente só poderá ser modificada con autorización expresa da vicerreitoría con competencias en organización académica.



### **Disposición derogatoria única**

Queda derogada calquera norma de igual ou inferior rango que contradiga o establecido neste regulamento.

### **Disposición final primeira**

Correspóndelle á vicerreitoría con competencias en materia de organización académica ditar as resolucións de interpretación, aclaración ou desenvolvemento deste regulamento.

### **Disposición final segunda. Entrada en vigor**

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico da USC e surtirá efectos na planificación do curso académico 2024/2025 e seguintes.

### **Disposición final terceira. Efectos. Entrada en vigor da modificación do Regulamento aprobada polo Consello de Goberno do 25 de novembro de 2024**

A modificación do Regulamento aprobada polo Consello de Goberno do 25 de novembro de 2024 entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico da USC e surtirá efectos na planificación do curso académico 2025/2026 e seguintes.

### **Disposición final cuarta. Efectos. Entrada en vigor da modificación do Regulamento aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2025.**

A modificación do Regulamento aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2025 entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico da USC e surtirá efectos na planificación do curso académico 2025/2026 e seguintes.

### **Disposición final quinta. Efectos. Entrada en vigor.**

A modificación do Regulamento aprobado polo Consello de Goberno do 28 de novembro de 2025 entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico da USC e surtirá efectos na planificación do curso académico 2026/2027 e seguintes.

## **ANEXO I. RECOÑECEMENTO DE ACTIVIDADES DOCENTES, INVESTIGADORAS E DE XESTIÓN COMO HORAS DOCENTES EQUIVALENTES**

### **I. RECOÑECEMENTO DA ACTIVIDADE DOCENTE**

1. Darán lugar ao recoñecemento de horas docentes equivalentes as seguintes actividades docentes:



- a) Coordinador/a de calidade (realizará funcións de apoio ao responsable de calidade do centro e será nomeado polo responsable do centro entre o PDI que non forme parte do equipo de dirección do centro): 30 HDE.
- b) Coordinador/a de Práctica Externa Clínica e/ou Práctica Externa non Clínica: 30 HDE.
- c) Coordinador/a de prácticas de grao (só no caso de que o responsable non sexa membro do equipo de dirección do centro e sempre que o grao conte cun mínimo de 10 estudantes nestas prácticas): 20 HDE. Nomearase un único coordinador por centro, agás naqueles en que se impartan titulacións cun alto número de estudantes en prácticas, en cuxo caso se valorará a necesidade de incrementar o recoñecemento ou de conceder un coordinador/a por cada titulación.
- d) Coordinador/a de prácticas de mestrado (só no caso de que non sexa o coordinador do título nin forme parte do equipo de dirección do centro e sempre que o mestrado conte cun mínimo de 5 estudantes nestas prácticas): 10 HDE.
- e) Coordinador/a de mención en titulacións de grao, cando a mención teña 30 ou máis ECTS en materias distintas do resto da titulación: 20 HDE.
- f) Coordinador/a de materia, cando a docencia sexa impartida por máis dun profesor, sempre que a materia conte cun número de estudantes matriculados superior a 10: 5 HDE.
- g) Coordinador/a de curso ou módulo en titulacións de grao: 10 HDE.
- h) Coordinador/a de módulo ou especialidade en titulacións de mestrado, sempre que o módulo conte cun número maior de 10 estudantes matriculados: 10 HDE.
- i) Coordinador/a de Tralaballo Fin de Grao e Tralaballo Fin de Mestrado, cando non sexa membro do equipo de dirección do centro que organiza a titulación ou coordinador do título no caso de mestrado: 20 HDE.
- j) Coordinador/a de mobilidade ou intercambio: 15 HDE cando o número de estudantes se sitúe entre 3 e 6, 20 HDE cando se sitúe entre 7 e 12 e, 25 HDE cando o número sexa 13 ou máis estudantes.
- k) Coordinador do programa "A Ponte" en cada centro, sempre que non sexa membro do equipo de dirección do mesmo: 10 HDE.
- l) Participación na avaliación dos TFG e TFM: 0'5 HDE por estudante avaliado.
- m) Apoio titorial extraordinario: 8 HDE por estudante titorizado no curso anterior. Establécese un máximo de 2 materias.
- n) Recoñecemento da docencia en inglés: recoñeceranse 0,2 HDE por cada hora lectiva impartida en inglés. Deberá impartirse na dita lingua polo menos un grupo completo de cada tipo de docencia.



ñ) Recoñecemento da docencia en galego: recoñeceranse 0,2 HDE por cada hora lectiva impartida en galego.

o) Actividades formativas de doutoramento. A Escola de Doutoramento Internacional disporá de ata 250 HDE que asignará a aqueles membros do PDI que desenvolvan actividades docentes ou de coordinación de actividades formativas de doutoramento validadas pola EDIUS.

p) Coordinación do Programa do IV Ciclo Universitario no Campus de Lugo: 60 HDE.

q) Titor/a académico/a dos deportistas de alto nivel da USC, sempre que titorice 3 ou máis estudantes: 5 HDE.

## 2. Recoñecemento dun maior esforzo docente

Aplicaranse os seguintes factores correctores ás horas de docencia expositiva impartida polo profesor/a, en función do número de estudantes matriculados no curso anterior (estudantes novos máis o 20% dos repetidores):

a) Entre 49 e 64 estudantes: 0,3

b) Entre 65 e 80 estudantes: 0,4

c) Entre 81 e 100 estudantes: 0,5

d) Con máis de 100 estudantes: 0,6

## II. RECOÑECIMENTO DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA

Darán lugar ao recoñecemento de horas docentes equivalentes as seguintes actividades de investigación:

a) Sexenios de investigación e transferencia: 20 HDE polo último sexenio obtido, sempre que se corresponda cun período de tempo que se solape cos 8 anos previos ao da convocatoria de HDE, e 5 horas por cada sexenio anterior. No caso de PDI que teña recoñecido o máximo de seis sexenios asignaranse 20 horas ao último sexenio obtido, aínda que fose recoñecido con anterioridade ao período dos 8 anos sinalados.

b) Participación en proxectos de investigación que estean en vigor no momento de elaborar a proposta de recoñecemento. O investigador/a principal do proxecto distribuirá a valoración docente correspondente ao proxecto entre os membros do equipo investigador. As horas docentes equivalentes asignadas serán as seguintes en función do tipo de proxecto:

i. Proxectos autonómicos con investigador principal da USC: 40 HDE.

Inclúense aquí os proxectos e axudas do Programa de Consolidación da Xunta de Galicia, así como proxectos asociados ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.



- ii. Proxectos de plans de ámbito nacional, con investigador principal da USC: 60 HDE.
  - iii. Proxectos colaborativos autonómicos ou nacionais, con investigador principal da USC: 60 HDE. No caso de haber subproxectos recoñeceranse 10 HDE por cada un deles, ata un máximo de 80 HDE.
  - iv. Proxectos competitivos convocados por entidades nacionais sen fins de lucro, con investigador principal da USC: 50 HDE.
  - v. Proxecto internacional con participación da USC como socio (Horizonte Europa, ERC Grants e equivalentes): 100 HDE.
  - vi. Proxecto internacional con participación da USC como socio (Interreg, COSTAction, Erasmus+): 80 HDE.
  - vii. Proxecto internacional coordinado pola USC (Horizonte Europa, ERC Grants e equivalentes): 120 HDE.
  - viii. Proxecto internacional coordinado pola USC (Interreg, Erasmus+): 100 HDE.
  - ix. Proxecto competitivo convocado por entidades internacionais sen fins de lucro, con investigador principal da USC: 80 HDE.
- c) Dirección e titorización de teses de doutoramento defendidas nos dous anos naturais anteriores a aquel no que se realiza a convocatoria de HDE (cun límite máximo de 75 HDE).
- i. Dirección de teses defendidas.
- Teses cun só director/a: 25 HDE. No caso de teses con Mención Internacional, con mención de Doutoramento Industrial, ou cotutela vía convenio: 35 HDE.
- Teses con dous directores/as: 12 HDE a cada director/a. No caso de teses con Mención Internacional, con mención de Doutoramento Industrial, ou cotutela vía convenio: 17 HDE a cada director/a.
- Teses con tres directores/as: 8 HDE a cada director/a. No caso de teses con Mención Internacional, con mención de Doutoramento Industrial, ou cotutela vía convenio: 11 HDE a cada director/a.
- As HDE equivalentes polas distintas mencións non son acumulativas.
- ii. Titorización de teses defendidas: 5 HDE.
- d) Dirección e titorización de teses de doutoramento en curso (cun límite máximo de 25 HDE)
- i. Dirección de teses: 5 HDE



## ii. Titorización de teses: 2 HDE

Para o recoñecemento destas horas docentes equivalentes a tese debe ter a súa última avaliación anual.

## e) Outras actividades de investigación

i. Dirección/edición e/ou secretaría de redacción de revistas da USC: ata 20 HDE, en función da consecución dos obxectivos previstos nos contratos programa correspondentes. En caso de codirección e/ou cosecretarías, as HDE repartiranse proporcionalmente.

ii. Membros do Comité de Bioética e do Comité de Ética en Experimentación Animal (agás os considerados cargos académicos): 20 HDE.

## III. RECOÑECIMENTO DE ACTIVIDADES DE XESTIÓN

Darán lugar ao recoñecemento de horas docentes equivalentes as seguintes actividades de xestión:

a) Dirección/codirección de Cátedras institucionais activas: 20 HDE.

b) Presidencia da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego: 60 HDE.

c) Membros do Tribunal Único das Probas de Acceso á Universidade (PAU): 30 HDE.

d) Presidencia da Comisión Antifraude: 20 HDE.

e) Responsable do Sistema Interno de Información: 20 HDE.

f) Coordinación de EUniwel: 120 HDE.

g) Coordinación académica da xestión de Paquetes de Traballo no marco da Alianza EUniwel: 60 HDE.

h) Participación como representante da USC nos Comités de Pilotaxe dos Paquetes de Traballo no marco da Alianza EUniwel: 20 HDE.

i) Presidente/Secretario da Comisión de Acreditación do programa ACADEMIA da ANECA: 20 HDE.

j) Coordinación de Aula de habilidades clínicas para autoaprendizaxe: 10 HDE.

k) Coordinación da Unidade de Investigación e Intervención en Dislexia: 10 HDE

